

BANDO

BENESTAR EN BALNEARIOS

Informase aos veciños e veciñas que a Consellería de Traballo e Benestar ven de abrir o prazo de solicitude para o Programa "Benestar en Balnearios" 2015.

Persoas beneficiarias e requisitos:

- Ser maior de 60 anos, ou pensionista maior de 55 anos
- Residir e estar empadroado na CA de Galicia
- Valerse por si mesma/o para as actividades da vida diaria
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, en fase activa, nin trastornos mentais condutuais non compensados, que poidan alterar a normal convivencia
- Precisar os tratamentos balneoterápicos solicitados

A persoa solicitante poderá ir acompañada do seu ou da súa cónxuxe ou persoa con análoga relación de convivencia, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente

Tamén poderán participar os/as fillos/as ou persoas tuteladas polas persoas solicitantes que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre e cando o poidan facer sen necesidade de apoio de terceira persoa e se poidan desprazar con autonomía, compartan o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpran os requisitos citados anteriormente

Datas:

Quendas de 10 días (9 noites) entre os meses de xuño e outubro

Prezos:

Réxime de "Pensión completa", entre 316,64€ e 398,61€

O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así coma o de regreso será por conta das persoas beneficiarias

Balnearios:

Acuña, Arnoia, Augas Santas (Ferreira de Pantón), Baños de Brea (Vila de Cruces), Baños de Molgas, Caldelas de Tui, Carballo, Carballiño, Cuntis, Laidas (Cenlle), Lobios, Río Pambre (Palas de Rei) e Termas Romanas (Lugo).

Documentación:

- Solicitude, na que se cubrirán todos os datos requiridos, tanto do solicitante como da/o cónxuxe ou acompañante cando proceda.
 - Fotocopia do DNI do solicitante e da/o cónxuxe ou acompañante se procede
 - Copia do libro de familia ou do documento acreditativo da tutela, no caso de que a persoa solicitante queira acudir ao programa acompañada dun/dunha fillo/a ou tutelado/a
 - Declaración responsable do estado de saúde da/o solicitante e a do cónxuxe ou acompañante se procede, no apartado incluído na solicitude.
 - Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas correspondente ao último período en que se presente a solicitude
 - Certificado do grao de discapacidade do/da fillo/a ou tutelado/a pola persoa solicitante
- No caso de que dúas persoas queiran acudir xuntas ao mesmo destino e quenda, presentarán unha única solicitude, para a súa baremación conxunta.

Prazo de Solicitude:

Ata o 14 de maio

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns de 11 a 15, e martes e venres de 9 a 13:30 horas.**

Pontecesures, 15 de abril de 2014

O ALCALDE.,

Manuel Luis Álvarez Angueira

